

Autoridades.

Amigas e amigos.

Parabéns aos premiados: á adega Solaina Minei, a Queixerías Bama, ás panadeiras e panadeiros de Cea e ao persoal da Estación de Viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA). Catro colectivos representativos dos viños e dos produtos agroalimentarios elaborados en Galicia, co valor engadido de seren etiquetados en galego. En tempos nos que as novas tecnoloxías e a Intelixencia Artificial nos ameazan con cambiarnos a vida e os costumes, nada é comparable ao goce dunha botella de viño da Solaina Minei, cun anaco de pan de Cea mechado co queixo Bama de compango.

Hai ocasións nas que nos queixamos do traballo que supón cociñar e do tempo que perdemos comendo. Sería maravilloso tomar unha pílula e listo. Pois ben, no Instituto Salk dos Estados Unidos logrouse un sorprendente achado: unha pílula que funciona como comida imaxinaria capaz de enganar ao cerebro. Experimentouse con ratos e comprobouse que foi capaz de reducir o aumento de peso, baixar os niveis de colesterol e controlar o azucre no sangue. É posible que acabe funcionando ese invento nas persoas e xa non precisaremos o queixo, o pan nin o viño. Creo, con todo, que a esa posibilidade lle queda aínda un longo percorrido.

O que si forma parte da realidade e incumbe aos nosos produtos é a enorme alarma social pola chamada “Galicia baleirada”. O panorama desta situación é desolador. As aldeas desángranse de veciños, sen capacidade de recambio dada a baixa, ou nula, natalidade. E a pouca xente que queda nelas está envellecida, co agravante de que máis dun vinte por cento vive soa. A xente xove ten como obxectivo principal traballar e asentarse na cidade, sen querer saber nada da aldea.

Ate hai unhas décadas, o interior de Galicia transcorría de forma semellante á dos seus antepasados, incorporando os avances da maquinaria e da tecnoloxía de finais do século XX co propósito de conciliar a tradición coa modernidade. Esa poboación presentaba unha nutrida demografía que pouco se asemella á actual. A perda de poboación foi aumentando de forma acelerada nos últimos anos, arrastrando ao abismo as antigas tradicións, os costumes e as relacións sociais, implantando a soidade dos poucos veciños que quedan e proclamando o fracaso xeral da esencia da aldea. Asistimos abraiados á mutación das formas tradicionais de relación que se desenvolvían cos elementos da paisaxe parroquial, tanto da paisaxe silvestre como da paisaxe humanizada -prados, leiras, hortas, agros-. Iso implica deterioro e abandono das casas, debuxando unha paisaxe dantesca de aldeas fantasmas.

Na actualidade é normal localizar paleiros baleiros, hórreos caendo por falta de millo, plásticos negros cubrindo montóns de herba ensilados... E coa perda desa forma de produción vaise tamén a cultura. Derrúmbanse os muíños, desaparecen as fontes, pérdense os oficios artesáns (costureiras, xastres, carpinteiros...), parálanse as festas, romerías e xuntanzas, e a ese mesmo compás vai morrendo a súa lingua. A aldea representa o berce e crisol da lingua galega. Na aldea, todos utilizan a mesma fala, desde os cativos aos anciáns, desde o ferreiro ao tractorista, desde o adegueiro á tendeira. Na aldea non cómpre lembrar que lingua hai que usar. O galego é o epítome da súa comunicación. Así o entendeu o galeguista Antón Losada Diéguez, cando escribía na revista *Nós*:

“A Natureza é máis forte que a vontade do pobo... iso explica que o galego o conservase a Galicia do campo, a Galicia dos labregos, do pobo, a Galicia forte e sincera... e non a Galicia das cidades e das vilas, a Galicia dos señoritos, a Galicia da vergoña, a Galicia da imitación...”

O abandono do rural comezou a incubarse a partir da década dos setenta cos baixos prezos do leite en orixe, lastrando o futuro dunha terra eminentemente gandeira e dunhas explotacións coxas sen o aporte do sector lácteo. Moitas daquelas explotacións estaban xestionadas na súa maioría por persoas de idade avanzada, sen marxe de beneficios para contratar persoal que insuflase novo pulo ás granxas.

Os poucos fogares que actualmente permanecen activos tiveron que adaptarse a unha transformación de traballo e de vida, converténdose en pequenas empresas familiares de carácter agropecuario, obrigadas a planificar o seu desenvolvemento coa modernización de todos os seus elementos: muxidoras mecánicas, depósitos refrixerantes para o leite, etc.

O sector agrario tamén se viu afectado pola entrada no mercado da froita, hortalizas e cereais procedentes doutras rexións españolas e mesmo doutros países, non podendo competir nos prezos de venda.

E daqueles pos veñen estes lodos. Das 3.771 parroquias que hai en Galicia, 575 teñen 10 ou menos veciños por km², o que se cataloga socioloxicamente como aldeas desertas. Nelas viven só o 1.5% dos galegos. Hai outras 1.401 parroquias nas que a densidade de poboación é menor ou igual a 20 veciños. En conxunto, estas últimas supoñen o 47,6% dos kilómetros cadrados que ocupa Galicia no mapa. E de non cambiar a tendencia, dentro de poucos anos converteranse en parroquias desertas (10 ou menos veciños por km²).

É urxente, xa que logo, xerar unha nova conciencia encamiñada a conservar estas aldeas e a deseñar iniciativas para que as repoboen fornadas de novos veciños que cheguen buscando un lugar onde acollerse

e traballar. Nós non debemos ser responsables de disipar o patrimonio dos nosos devanceiros, dunha herdanza que aínda pode ter futuro. Estamos na obriga de salvar as nosas aldeas, as nosas parroquias, as nosas terras, as nosas casas... para non ter que ver o que prevía xa Álvaro das Casas naquel verso do seu libro *Sulco e vento*:

*En procura dun recanto
Voltei polo meu casal,
Está todo esborrallado
Nin o lar me queda xa.*

Loitemos polo noso acervo cultural e material, recuperando a nosa espiritualidade enxebre, a nosa alma galega, o noso sentimento telúrico. É unha obriga, non só sociolóxica, antropolóxica e política, senón tamén ética. Este acto que celebramos hoxe no pazo que foi propiedade de Álvaro das Casas é unha forma de poñer en valor as sinerxias existentes entre o viño, os produtos agroalimentarios, a cultura e o turismo para contribuír ao desenvolvemento do rural galego. Dinamizar o agro é unha maneira global de vender Galicia cara ao exterior. Poñer en valor os produtos galegos de calidade, como os dos premiados hoxe en Esposende, reforza as zonas de produción, tanto en términos económicos como turísticos, contribuíndo á sustentabilidade desa Galicia interior que se baleira.

Queda moito por facer e por iso deberían poñerse a traballar de inmediato as autoridades nacionais, autonómicas, provinciais e locais que xestionan o mundo rural. E aínda que paseniño, como fío de luz estrelecido entre os amenceres lentos que marca a burocracia, esperamos que chegue a tempo ese desfibrilador institucional para impedir que deixe de latexar o corazón da Galicia interior. Salvar a Galicia interior tamén é salvar a nosa lingua, coa que poder seguir etiquetando os nosos produtos en galego.

Moitas grazas.